# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** CRA DE CORISTANCO – SANTA COMBA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ÍNDICE**

**Adaptación da Programación Didáctica de 1º de Educación Primaria**

**Adaptación da Programación Didáctica de 2º de Educación Primaria**

**Adaptación da Programación Didáctica de Educación Primaria de Educación Física**

**Adaptación da Programación Didáctica de Educación Primaria de Educación Artística**

**Adaptación da Programación Didáctica de Educación Primaria de Lingua Estranxeira**

**Adaptación da Programación Didáctica de Educación Infantil**

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA DE CORISTANCO – SANTA COMBA
CURSO:  1º DE ED.PRIMARIA
MATERIA: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega.
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación  Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Naturais (1º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.1. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes. | CNB1.1.1. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes. | CAA<br>CCL<br>CMCT<br>CSIEE<br>CCEC |
| B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo. | CMCT<br>CSC |
| B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais. | CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno. | CMCT<br>CCL |
| B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais. | CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos. | CMCT |
| B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas. | CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián. | CMCT |
| B5.1. Manexar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describir os seus materiais e o seu funcionamento e utilizalos con seguridade evitando estereotipos sexistas | CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas. | CMCT |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Ciencias Sociais (1º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | CSIEE<br>CAA<br>CSC |
| B2.1.Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC. | CSB2.1.2 Describe os elementos básicos da súa contorna máis próxima. | CMCT<br>CCL |
| B3.3.Recoñecer á pertenza a certos grupos e participar neles respectando os principios básicos de convivencia. | CSB3.3.1.Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola. | CSC |
| B4.3.Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario o paso tempo. | CSB4.3.1.Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características. | CMCT<br>CCL |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Matemáticas (1º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. | MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99. | CMCT<br>CCL |
| B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados. | CMCT |
| B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. | CMCT |
| B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións. | MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé. | CMCT |
| B3.2. Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza. | MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual. | CMCT |
| B3.3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación. | MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade. | CMCT |
| B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo. | MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato. | CMCT<br>CAA |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Lingua Castelá e Literatura (1º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.4. Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula. | LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade. | CCL |
| B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. | LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social. | CCL<br>CAA |
| B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos | LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade. | CCL |
| B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos | LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas. | CCL |
| B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua | LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra. | CCL |
| B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua | LCB4.1.2. Recoñece o alfabeto e iníciase na orde alfabética. | CCL |
| B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información. | LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas… | CCL<br>CCEC |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Lingua Galega (1º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis)** | **Competencias** |
| B1.1. Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | LGB1.1.1. Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil. | CCL<br>CAA |
| B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. | CCL<br>CSC<br>CCE |
| B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación. | LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. | CCL |
| B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. | LGB2.3.2. Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada. | CCL |
| B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. | LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos. | CCL<br>CSIEE<br>CAA |

| | | |
|---|---|---|
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. | CCL<br>CAA |
| B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura. | LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado. | CCL<br>CAA |
| B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos. | LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CCEC |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos**:<br>A avaliación do proceso será global, continua, formativa e integradora e constará dos seguintes momentos:<br>Inicial: Para coñecer o punto de partida.<br>Formativa: Para coñecer os logros e dificultades. E por tanto continua, xa que permite incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo.<br>Final: Para coñecer o nivel alcanzado. |
| | **Instrumentos**:<br>• Os traballos realizados na aula e na casa por parte do alumnado.<br>• A observación directa e sistemática por parte do mestre.<br>• Cuestionarios escritos e orais sobre os contidos do curso.<br>• Escalas de valoración da participación, actitude e disposición. |
| **Cualificación final** | A avaliación e cualificación do alumno/a adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter contínuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ata nun máximo dun 20% segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Todos os días na páxina web do centro exponse unha proposta didáctica flexible que serve de recuperación, repaso e reforzo de contidos básicos.<br>Alén disto, cada titora envíalle a todo o alumnado de Educación Primaria unha secuencia de actividades baseada no método que están a seguir no presente curso 2019-20. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o alumnado ten acceso á proposta diaria de actividades que se colga na web do centro. Con todo, nalgúns casos a conectividade está restrinxida exclusivamente ao teléfono móbil, sen empregar ordenadores con conexión á rede.<br>Mantense contacto permanente con todo o alumnado a través das titorías (teléfono, aplicacións mensaxería, correo electrónico) favorecendo unha comunicación fluída. Isto fai que exista un intercambio de información e experiencias e que as actividades propostas poidan ser valoradas polo profesorado. |
| **Materiais e recursos** | A proposta de actividades está pensada para ser levada a cabo cos materiais habituais que se poden atopar na casa. Polo tanto, non enviamos material didáctico que requira ser impreso.<br>Todo o alumnado de Primaria dispón nos seus domicilios do material curricular que estaba a empregar na escola. Facendo uso dos servizos de Protección Civil dos respectivos concellos onde está ubicado o noso centro, puido ser entregado todo o material curricular. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | As familias serán informadas da presente adaptación das programacións didácticas por medio da páxina web do centro onde será publicada. Así mesmo, serán avisadas a través da aplicación abalarMóbil de que o presente documento está dispoñible na páxina web do centro.<br>Tamén se empregarán as canles habituais de comunicación coas familias (aplicacións de mensaxería instantánea e redes sociais) de que teñen dispoñible este documento na web do centro. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CRA DE CORISTANCO – SANTA COMBA
CURSO: 2º DE ED.PRIMARIA
MATERIAS: Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá.
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Naturais (2º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.1. Iniciarse na actividade científica a través de proxectos: buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes | CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | CAA<br>CMCT<br>CSIEE |
| B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. | CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos. | CMCT<br>CCL<br>CSC |
| B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno. | CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno, empregando diferentes soportes. | CMCT<br>CCL |
| B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable. | CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola. | CMCT<br>CSC<br>CCL |
| B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. | CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. | CMCT<br>CSC |
| B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan. | CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. | CMCT<br>CSC |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Ciencias Sociais (2º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.1.Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, seleccionala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. | CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | CSIEE<br>CAA<br>CSC |
| B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta. | CSB2.5.1.Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima. | CMCT |
| B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais. | CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. | CSC |
| B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. | CSB4.3.2.Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. | CCL<br>CSC<br>CMCT |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Matemáticas (2º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito. | MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. | CMCT<br>CAA |
| B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. | MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. | CMCT<br>CCL |
| B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. | CMCT<br>CAA |
| B3.5. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. | CMCT<br>CAA<br>CSC |
| B4.2. Nomear un polígono segundo o seu | MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno | CMCT |

| | | |
|---|---|---|
| número de lados. | inmediato. | CAA |
| B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas… comunicando a información. | MTB5.1.2. Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos. | CMCT<br>CAA |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Lingua Castelá e Literatura (2º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.5.Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social. | CCL<br>CAA |
| B1.11. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar. | LCB1.11.1 Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para asegurar a comprensión. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil. | LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade. | CCL |
| B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario. | LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo. | CCL<br>CAA |
| B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando | LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e | CCL<br>CD |

| | | |
|---|---|---|
| as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación. | respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios… | CAA |
| B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | LCB4.4.1. Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. | CCL |
| B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. | CCL |
| B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar. | LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. | CCL<br>CAA<br>CCEC |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Lingua Galega (2ºPrimaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. | LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | LG1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación. | LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. | CCL |

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras. | LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos. | CCL<br>CAA |
| B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. | LGB3.1.5. Compón pequenos textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos (novas sinxelas e breves, titulares, pés de foto…) sobre acontecementos próximos á súa experiencia. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. | CCL<br>CAA |

| | | |
|---|---|---|
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. | LGB5.2.2. Le, de forma guiada e en voz alta, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade lectora. | CCL<br>CCEC<br>CD |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos**:<br>A avaliación do proceso será global, continua, formativa e integradora e constará dos seguintes momentos:<br>Inicial: Para coñecer o punto de partida.<br>Formativa: Para coñecer os logros e dificultades. E por tanto continua, xa que permite incorporar medidas de ampliación, enriquecemento e reforzo.<br>Final: Para coñecer o nivel alcanzado. |
| | **Instrumentos**:<br>• Os traballos realizados na aula e na casa por parte do alumnado.<br>• A observación directa e sistemática por parte do mestre.<br>• Cuestionarios escritos e orais sobre os contidos do curso.<br>• Escalas de valoración da participación, actitude e disposición. |
| **Cualificación final** | A avaliación e cualificación do alumno/a adáptase as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como ás actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, polo que en atención ao criterio de avaliación continúa consignarase a cualificación final coa media das dúas primeiras avaliacións (sen esquecer nunca o carácter contínuo da avaliación) podendo ser esa cualificación modificada, sempre en beneficio do alumnado, ata nun máximo dun 20% segundo as condicións e características do traballo desenvolvido desde a suspensión da actividade lectiva presencial nas aulas físicas, e atendendo á adecuación do mesmo, seguimento activo das aprendizaxes e implicación e grao de calidade nas tarefas propostas. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Todos os días na páxina web do centro exponse unha proposta didáctica flexible que serve de recuperación, repaso e reforzo de contidos básicos.<br>Alén disto, cada titora envíalle a todo o alumnado de Educación Primaria unha secuencia de actividades baseada no método que están a seguir no presente curso 2019-20. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Todo o alumnado ten acceso á proposta diaria de actividades que se colga na web do centro. Con todo, nalgúns casos a conectividade está restrinxida exclusivamente ao teléfono móbil, sen empregar ordenadores con conexión á rede.<br>Mantense contacto permanente con todo o alumnado a través das titorías (teléfono, aplicacións mensaxería, correo electrónico) favorecendo unha comunicación fluída. Isto fai que exista un intercambio de información e experiencias e que as actividades propostas poidan ser valoradas polo profesorado. |
| **Materiais e recursos** | A proposta de actividades está pensada para ser levada a cabo cos materiais habituais que se poden atopar na casa. Polo tanto, non enviamos material didáctico que requira ser impreso.<br>Todo o alumnado de Primaria dispón nos seus domicilios do material curricular que estaba a empregar na escola. Facendo uso dos servizos de Protección Civil dos respectivos concellos onde está ubicado o noso centro, puido ser entregado todo o material curricular. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | As familias serán informadas da presente adaptación das programacións didácticas por medio da páxina web do centro onde será publicada. Asimesmo, serán avisadas a través da aplicación abalarMóbil de que o presente documento está dispoñible na páxina web do centro.<br>Tamén se empregarán as canles habituais de comunicación coas familias (aplicacións de mensaxería instantánea e redes sociais) de que teñen dispoñible este documento na web do centro. |
| **Publicidade** | Publicación obrigatoria na páxina web do centro. |

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** CRA DE CORISTANCO – SANTA COMBA
**CURSO:** 1º E 2º DE ED. PRIMARIA
**Áreas:** Educación Física.

DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Educación Física (1º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas. | EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas. | CSC<br>CAA<br>CSIEE |
| B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan. | EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. | CAA<br>CSC |
| B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais | EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. | CSC<br>CCEC<br>CAA |
| B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. | EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. | CCEC<br>CSC<br>CAA |
| B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. | EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. | CSIEE<br>CAA |
| B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición. | EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. | CSC<br>CSIEE<br>CAA |

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da área de Educación Física (2º Educación Primaria) | | |
|---|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe (mínimos esixíbeis) | Competencias |
| B1.1. Opinar ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, aceptando as opinións dos e das demais. | EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo. | EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. | CSC |
| B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación. | EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro/a. | CAA<br>CSC |
| B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas | EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, con coordinación e boa orientación espacial. | CSC<br>CCEC<br>CAA |
| B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. | EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela. | CCEC<br>CSC<br>CAA |

| | | |
|---|---|---|
| B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar. | EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. | CSIEE<br>CAA |
| B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia. | EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados, recoñecendo as súas características e diferenzas. | CCEE<br>CAA<br>CSC |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | **Procedementos:**<br>A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado de primeiro curso será continua, global, formativa e integradora e constará de:<br>Avaliación inicial, para coñecer o punto de partida.<br>Avaliación formativa, para coñecer os logros e dificultades no momento mesmo de producirse.<br>Avaliación final, para coñecer o nivel alcanzado ao termo de cada momento de ensino-aprendizaxe. |
| | **Instrumentos:**<br>Empregaremos a observación directa e continua, ademais de probas prácticas, centrándonos en actitudes e valores (interese, participación, normas, afán de superación, respecto, gusto pola actividade física, hixiene, seguridade, uso de material…) así como tamén habilidades, procedementos e conceptos. |
